

Un sistema de garantía de ingresos que non deixe a ninguén atrás

EAPN Galicia e as súas entidades membro traballan pola mellora do sistema de garantía de ingresos en Galicia para que tanto o Ingreso Mínimo Vital como a RISGA cumpran as seguintes características:

- **Axilidade.** Estas medidas deben responder á urxencia das situacións de pobreza estrutural e sobrevida, o que implica contar cunha **tramitación simplificada** e reducir a **burocracia** ao mínimo.
- **Accesibilidade.** A súa tramitación debe ser sinxela, pero tamén se debe incrementar a **formación e información** á poboación en xeral e ao persoal técnico implicado. A cidadanía precisa dun **servizo de apoio e acompañamento** na tramitación.
- **Axeitadas.** As contías deben ser suficientes para a superación do **limiar de pobreza relativa** (60% da mediana dos ingresos) e garantir así que as rendas mínimas cumpren a súa función principal.
- **Inclusión sociolaboral** como dereito, non obriga. As persoas perceptoras deben ter **dereito a participar** en procesos de inclusión social e/ou laboral como servizos complementarios (Servizos Sociais, servizos de emprego, etc.), pero **non como condición** para o acceso.
- **Implicación política e técnica de todos os departamentos da Administración**, non so os de política ou servizos sociais, que deben exercer a súa responsabilidade na loita contra a pobreza.
- **Recoñecemento do papel das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social**, asegurando normativa e orzamentariamente que poidan seguir realizando o seu traballo como pilar fundamental do Sistema de Servizos Sociais.

Máis info en pobreza.gal

FORO DE DEBATE

ACCESO VITAL EN GALICIA: Pobreza e garantía de ingresos

NINGUÉN SEN O MÍNIMO



19
OUT

Santiago de Compostela
CEGADI

Que é o proxecto Acceso Vital?

Trátase dun proxecto que pretende identificar as barreiras que padecen as persoas que necesitan o Ingreso Mínimo Vital e non o están a obter, sendo elixibles, ademais de mobilizalas para que obteñan dita prestación implementando unha estratexia de asesoramento e acompañamento.

O obxectivo xeral é contribuir a revertir o proceso de Non take-Up (NTU) das persoas elixibles para o Ingreso Mínimo Vital.


Enténdese por **persoas en situación de Non Take-Up** (NTU) a aquelas persoas que non solicitaron unha prestación para a que cumpren requisitos, ben por descoñecemento da norma, ou ben porque non se recoñecen como elixibles para ela por diversos motivos.

Lévase a cabo a nivel estatal, coordinado por EAPN España e as súas Redes Territoriais, con implementación nas 19 Comunidades e Cidades Autónomas. Deste xeito, as accións realízanse de xeito conxunto polo Equipo Central do Proxecto e os chamados Equipos de Campo Locais, entre eles o galego.

Metodoloxía

O traballo de campo desenvólvese nas seccións censais cuxa poboación ten ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40% da mediana da renda. É dicir, son poboacións ou fogares en situación de pobreza severa.

Seleccionáronse a nivel estatal 400 seccións censais ou nodos con estas características. En 200 delas levaríase a cabo o asesoramento e mobilización para a solicitude do IMV, e en outras 200 non, para deste xeito observar o impacto deste tipo de estratexias nos niveis de Non Take-Up da poboación.



Acceso Vital en Galicia

En Galicia levouse a cabo o proxecto en 11 nodos de intervención coa colaboración específica de entidades membro de EAPN Galicia e Servizos Sociais Comunitarios e de Emprego das localidades.



Proceso de investigación

Redación de materiais

Enquisa de base

Análise da enquisa

Enquisa final

Proceso de intervención



Identificación de nodos e puntos de contacto

Fase aproximación a entidades colaboradoras

Traballo de campo (comunicación, asesoramento, acompañamento e peche)

Análise recollida de datos, memoria técnica

O traballo de campo desenvolveuse durante os meses de abril, maio e xuño, realizando o equipo tarefas de comunicación e información á poboación destinataria, asesoramento e acompañamento no proceso de solicitude do IMV, colaborando para isto con máis de 20 entidades públicas e privadas.



Outras tarefas foron as atencións telefónicas a persoas receptoras do IMV, apoio na realización de reclamacións ou outros trámites, apoio ao persoal técnico de entidades, etc.

Composición da unidade de convivencia das persoas atendidas:

